

Matrícula

(A matrícula inclúe os traslados en autobús e os xantares de campo):

Ata o 28 de xullo de 2007:

- Socios/as de Nova Escola Galega: 30 euros.
- Parados/as: 30 euros (é precisa xustificación documental).
- Cota ordinaria: 60 euros.

A partir do 29 de xullo de 2007:

- Socios/as de Nova Escola Galega: 40 euros.
- Parados/as: 40 euros (é precisa xustificación documental).
- Cota ordinaria: 70 euros.

Forma de pagamento:

Transferencia bancaria a BANESTO, número de conta:
0030 - 6149 - 15 - 0298019273

É posible solicitar axuda económica para a asistencia a esta actividade de formación, segundo a Orde do 19 de decembro de 2006 (DOG de 26 de decembro de 2006).

Próximas actividades da NEG:

IV Congreso de Materias: Materias e recursos didácticos Innovadores.

3, 4 e 5 de xullo. Fac. Educación USC (Campus Sur).

I Festa da Narración Oral. Sucedidos no Camiño.

7 de xullo. Arca - O Pino

As migracións nas sociedades contemporáneas: Os desafíos na Galiza actual.

9 ao 13 de xullo. Caldas de Reis.

VII Escola de Verán de NEG en Ferrolterra.

A normalización lingüística.

5, 6, 7 e 8 de setembro. Fene

Organizan:



Colaboran:




Asoc. de Pais de Alumnos
TERRA DE MELIDE



CANTEIRAS PREBETON, S.L.



Hotel Balneario Río Pambre



V XORNADAS CIENCIA E TERRITORIO

A AUGA: USOS E ABUSOS (I)

**Melide, 10, 11 e 12
de setembro de 2007**

Contactos:

IES Melide
Dpto. de Ciencias Naturais
O Marquín, s/n.
15800 Melide (A Coruña)
Tfno./fax: 981 50 51 62
iesmelide.xornadas@gmail.com

Nova Escola Galega
Apdo. 586
15700 Santiago
Tfno./fax: 981 56 25 77
melide.neg@munido-r.com
www.nova-escola-galega.org

Xustificación

O ensino non pode ser concibido sen que intente achegar o medio social, natural, económico e cultural á escola. Unha verdadeira escola galega comprometida co seu medio tampouco pode ser concibida sen que procure verdadeiras aprendizaxes significativas a partir do que lle é coñecido ao alumnado.

A partir do ano 2003, Nova Escola Galega e os Departamentos de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais do IES de Melide propuxeron, nunha convocatoria anual, unhas xornadas de estudo centradas na comarca da Terra de Melide. A convocatoria nace coa pretensión de ser exemplificadora a respecto de como os educadores e educadoras podemos aproveitar os recursos didácticos que nos ofrece o medio.

Despois de seren exploradas as posibilidades didácticas da Xeoloxía, da Xeomorfoloxía, da Botánica e da Arqueoloxía, e recollendo a opinión dos propios asistentes ás edicións anteriores, as V Xornadas Ciencia e Territorio pretenden analizar todo aquilo que, desde a óptica didáctica, nos pode ofrecer a auga. O tratamento específico da problemática que xira arredor da auga é especialmente significativa nuns tempos nos que, ademais da existencia dunhas preocupantes circunstancias ambientais no país, semella que comezamos a ser conscientes de que a auga non é un ben inesgotable.

Obxectivos

1. Exemplificar na comarca natural da Terra de Melide as estratexias de integración do ensino no territorio.
2. Investigar, para o seu posterior emprego educativo, particularmente, as posibilidades didácticas que nos ofrece a problemática arredor da auga.
3. Realizar labores de investigación e análise, especialmente en aspectos como a contaminación dos ríos.
4. Observar a corrección de impactos ambientais que está a producir unha acción do ser humano pouco atenta á preservación do medio.
5. Inserir o específico traballo (didáctico e investigador) no campo da Hidroloxía, no conxunto de oportunidades educativas que nos ofrece o medio.

Luns 10 de Setembro

Mañá. Biblioteca Municipal de Melide

09:30 h. Recepción e entrega de documentación.

10:00 h. Inauguración oficial.

- Coordinador/a xeral das Xornadas.
- Directora do IES Melide.
- Presidente de Nova Escola Galega.
- Concelleiro/a de Cultura de Melide.

10:30 h. Conferencia 1. *A auga como recurso. A xestión da auga. Planificación hidrolóxica en Galiza.*

Daniel Romay Díaz.

Técnico de Augas de Galicia.

Consellería de Medio Ambiente e Desenvol. Sostible.

12:00 h. Almorzo de benvinda no Café "Vagalume".

12:30 h. Conferencia 2. *O ecosistema acuático continental.*

Fernando Cobo Gradín.

Departamento de Bioloxía Animal, Laboratorio de Hidrobioloxía, Facultade de Bioloxía da USC.

14:15 h. Xantar no IES Melide.

Tarde. Biblioteca Municipal de Melide.

16:00 h. Conferencia 3. *Directiva marco da auga.*

Pedro Brufao Curiel.

Catedrático de Dereito Administrativo.
Universidade de Estremadura.

Balneario de Río Pambre

17:30 h. Saida de campo 1. *A auga como recurso terapéutico.*

Rosa Meijide Failde.

Catedrática de Hidroloxía Terapéutica.
Departamento de Medicina da UDC.

Visita ao Balneario de Río Pambre.

Noite. Polbeira "A Garnacha"

21:30 h. Cea con espectáculo de música tradicional.

Martes 11 de Setembro

Mañá. Biblioteca Municipal de Melide

10:00 h. Conferencia 4. *Depuración e contaminación nos ríos galegos.*

Manuel Soto Castiñeira.

Profesor de Enxeñaría Química.
Universidade da Coruña.

11:45 h. Pausa café.

12:15 h. Conferencia 5. *A contaminación dos ríos galegos.*

Juan José González Fernández.

Xefe de investigación do programa de "Contaminación das augas mariñas".
Instituto Español de Oceanografía (Vigo).

14:30 h. Xantar no IES Melide.

Tarde. Comarcas da Ulloa e da Terra de Melide.

16:00 h. Saida de campo 2. *ETAP e EDAR de Monterroso.*

Carlos Aymerich.

Biólogo da empresa "Espina e Delfin".

Noite. Restaurante "Chiquitin".

21:30 h. Cea con xogos tradicionais na Praza do Convento.

Mércores 12 de Setembro

Mañá. Comarca da Terra de Melide

9:00 h. Saida de campo 3. *"Proxecto Ríos". Estudo dun caso práctico nun tramo de 0,5 km do río Martagóna.*

Virxinia Rodríguez Álvarez.

Coordinadora do "Proxecto Ríos". Secretaria Xeral da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA).

14:30 h. Xantar de campo.

Tarde. Comarca da Terra de Melide.

16:00 h. Saida de campo 4. *EDAR de Melide.*

Técnico especialista da empresa xestora da EDAR.

Biblioteca Municipal de Melide

18:15 h. Posta en común, avaliación e conclusións das Xornadas.

18.45 h. Clausura oficial.

- Coordinador/a xeral das Xornadas.
- Presidente de Nova Escola Galega.
- Alcaldesa de Melide.

Debe ser tido en conta que se precisa a indumentaria axeitada para as saídas de campo, así como botas de goma altas.

Aloxamento en Melide

Hostal Sony	981 505 473	21 euros aprox.
Hotel Xaneiro II	981 506 140	21 euros aprox.
Hotel Carlos '96	981 507 633	20 euros aprox.
Parrillada O Muíño	981 506 048	22 euros aprox.
Pousada Chiquitin	981 815 333	29 euros aprox.

En trámite a homologación, por un total de 24 horas, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.